



Padrón

Concello de Padrón

CIF: P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ANUNCIO: LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN NÚMERO 09/2015-SPFI, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA PROVEER TRANSITORIAMENTE O POSTO DE TRABALLO 01.00.08 DENOMINADO TÉCNICO DE XESTIÓN DE SECRETARÍA.

En cumprimento do establecido na base 6.3 das que rexen o procedemento de selección número 09/2015-SPFI, mediante o sistema de concurso-oposición, de persoal funcionario interino para proveer transitoriamente o posto de traballo 01.00.08 denominado técnico de xestión de secretaría, faise pública a seguinte Resolución do Alcalde número 317/2016, do 26 de maio:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por Resolución deste Alcalde 249/2016, do 29 de abril, aprobouse a lista provisoria de persoas admitidas e excluídas no procedemento de selección, número 09/2015-SPFI, convocado para a provisión transitoria con persoal funcionario interino do posto de traballo 01.00.08 denominado técnico de xestión de secretaría, outorgouse un prazo de 10 días hábiles para enmendar os erros, defectos ou omisións e ordenouse a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do mesmo.

Segundo. Detectado un erro no apelido dunha das persoas aspirantes antes da publicación dos anuncios anteriores, por Resolución 252/2016, do 2 de maio, corrixeuse o erro.

Terceiro. Os anuncios, coa corrección indicada, foron publicados no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 86, do 6 de maio de 2016, no Taboleiro de Anuncios o 7 de maio e na páxina web o 10 de maio.

Cuarto. Tendo en conta o anterior e o disposto na base 6.2 das reguladoras do procedemento, o prazo de subsanación da documentación presentada rematou o 18 de maio de 2016 téndose presentado unha alegación.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que a base 6.3 das que regulan o proceso recolle que:

"Transcorrido o prazo de subsanación, o órgano convocante ditará nova resolución aprobando a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo e fixando o lugar, data e hora de realización da primeira proba da fase de oposición, a orde de actuación das e dos aspirantes, de ser o caso, e a composición do Tribunal cualificador.

Esta resolución publicarase igualmente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Taboleiro de anuncios do Concello de Padrón e na páxina web."

Segundo. Considerando que a base 8.3 das que regulan o proceso recolle que:

"A realización da sesión de constitución terá lugar no prazo máximo de quince (15) días hábiles contados desde a publicación da composición do Tribunal. Tal constitución entenderase válida coa presenza da metade, polo menos, dos seus membros e a presenza en todo caso do/a presidente e do/a secretario/a."

Terceiro. Considerando as competencias atribuídas ao Alcalde no artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, e nos apartados a), d) e g) do artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local, delegadas na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

Cuarto. Considerando a urxencia na resolución do procedemento para os efectos de dispor dos locais



Padrón

Concello de Padrón

CIF: P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tel: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

axeitados para a realización das probas da fase de oposición e tendo en conta a dispoñibilidade das persoas membros do Tribunal cualificador, e considerando o disposto no artigo 14 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común, que di "*Los órganos superiores podrán avocar para sí el conocimiento de un asunto cuya resolución corresponda ordinariamente o por delegación a sus órganos administrativos dependientes, cuando circunstancias de índole técnica, económica, social, jurídica o territorial lo hagan conveniente*",

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia, polos motivos indicados no fundamento de dereito cuarto, para aprobar a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no procedemento de selección número 09/2015-SPFI, fixar o lugar, data e hora de realización da primeira probada fase de oposición e aprobar a composición do Tribunal e fixar a data, hora e lugar da sesión constitutiva deste.

Segundo. Aprobar a seguinte lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no procedemento de selección, número 09/2015-SPFI, de persoal funcionario interino para proveer transitoriamente o posto de traballo 01.00.08 denominado técnico de xestión de secretaría, mediante o sistema de concurso-oposición:

LISTA DEFINITIVA PERSOAS ADMITIDAS	
Nº	APELIDOS E NOME
1	ÁLVAREZ BENDAÑA, ALBERTO.
2	CARBALLIDO MOSQUERA, SARA.
3	CARRAMAL SILVA, MANUEL.
4	CARRERA BABARRO, TERESA.
5	CASAL PEÓN, JOSÉ LUIS.
6	CASTIÑEIRAS SÁNCHEZ, NANCY.
7	CASTRO NOGAREDA, MARÍA DOLORES.
8	DIEGUEZ TABOADA, EVA.
9	EL SAYID DIZ, ISABEL.
10	FANDIÑO VAQUERO, DAVID.
11	FERNÁNDEZ MUIÑO, SUSANA.
12	FERRO PAZOS, LAURA.
13	GARCÍA ROMA, SANDRA.
14	LÓPEZ CANDOCIA, ALFONSO CARLOS.
15	LÓPEZ VILLAR, CARMEN.
16	LORENZO OUTÓN, MARÍA ASUNCIÓN.
17	MÉIJOME PÁJARO, SUSANA.
18	MIRÁS JORGE, MARÍA DOLORES.
19	MOLARES AGRELO, JUÁN.
20	ORZA OCAMPO, MONTSERRAT.
21	PAZ LEBORÁNS, PATRICIA.
22	PENSADO SEIJAS, ALBERTO.
23	RIOS REY, ROSARIO.



Padrón

Concello de Padrón

CIF: P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

24	SOÑORA BUSTELO, ADRIANA.
25	SUÁREZ-PUERTA COLOMER, FRANCISCO.
26	VIDAL RIVAS, MARÍA DOLORES.

LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS EXCLUIDAS	
ORDEN	MOTIVO DA EXCLUSIÓN
1	As copias do documento nacional de identidade, da documento de validación do Celga 4 e do título de licenciada, non están cotexadas.

Terceiro. Realizar o primeiro exercizo da fase de oposición, prevista na base 10.1.A) das que rexen este procedemento, na seguinte data, hora e lugar:

→ Data: 22 de xuño de 2016.

→ Hora de comezo: 12,00 horas.

→ Lugar: Auditorio Municipal do Concello de Padrón, situado no Campo do Souto, s/n, 1ª pranta, Padrón, A Coruña.

Cuarto. Nomear como membros do Tribunal cualificador ós e ás seguintes:

- Presidente: dona Amparo Méndez Rodríguez, técnica de administración xeral do Concello de Noia. Suplente: dona Ana Isabel Prieto Flórez, técnica de administración xeral do Concello de Santiago de Compostela.
- Secretaria: dona Loreto Mª López Fernández, secretaria do Concello de Camariñas. Suplente: dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames.
- Vogais:
 - dona María López Docampo, interventora do Concello de Noia. Suplente: Diego Losada Romero, secretario do Concello de Rois.
 - dona Virginia Fraga Díaz, secretaria do Concello de Teo. Suplente: Juan Manuel Salguero del Valle, secretario do Concello de Ribeira.
 - don Antonio García Mira, Xefe de Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente da Deputación Provincial da Coruña. Suplente: Fernando Pérez San Vicente, Xefe de Negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Convocar a todas as persoas membros do Tribunal cualificador para o acto de constitución do mesmo que terá lugar:

→ Data: 6 de xuño de 2016.

→ Hora: 10,00 horas.

→ Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Padrón, situado na 1ª pranta do número 27 da rúa Longa, Padrón.

Sexto. Facer pública a presente resolución mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello de



Padrón

Concello de Padrón

CIF: P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

correo@padron.galwww.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Padrón (www.concellodepadron.es).

Sétimo. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Tribunal e dar traslado da mesma ao Delegado de Persoal para os efectos do establecido no artigo 71.4 do Convenio colectivo-Acordo regulador do persoal ao servizo do Concello de Padrón e á Intervención Municipal e dar conta da mesma ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.>>

Padrón, 26 de maio de 2016



O Alcalde

Asdo. Antonio Fernández Angueira